

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 9 DE XUÑO DE 2022

Na Sala Branca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corente e dous minutos do día nove de xuño de dous mil vinte e dous, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D.Álvaro Carou García

Vogaís: D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. Ángel Cardalda Mosquera

D. Isidro Fernández Portas

Dna. Ana M^a Granja Guillán (incorpórase ás 20:47 horas)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Excusan a súa asistencia a Sra. interventora/delegada: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro e os Sres. vogais: D. José Ramón Santorum Canto e Dna. M^a De la O Fernández González.

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día tres de maio de dous mil vinte e dous e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE, COMO LEI FUNDAMENTAL DO CONTRATO, REXIRÁ O PROCESO ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA, MEDIANTE LICITACIÓN ELECTRÓNICA, PARA ADXUDICAR A PRESTACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS, DENOMINADO “EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)” E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS (PPT). ASÍ COMO O NOMEAMENTO DUN MEMBRO DO CONSELLO REITOR PARA A

MESA DE CONTRATACIÓN, CONFORME AO ACORDO DO CONSELLO REITOR EN SESIÓN CON DATA 06/05/2021.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da providencia de incoación do Sr. presidente para levar a cabo o inicio do expediente da tramitación do **CONTRATO DE SERVICIOS CONSISTENTE NO EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)**” e, que o mesmo se substancie polo procedemento Aberto regulado no art. 156 da Lei 9/2017 (LCSP) e tramitación ordinaria, xustificado posto que o valor estimado do contrato é inferior a 215.000,00 €, e, unha vez redactado o pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) acompañados dos anexos correspondentes, pola Sra. Secretaria/delegada e, o prego de prescricións técnicas adxudicado á empresa CALDERÓN Y ASOCIADOS INGENIERIA, S.L.P.(empresa especializada neste sector). Cun orzamento de 63.314,75 € (IVE incluído) e a duración do contrato dun ano prorrogable, por anualidades cada ano de execución, ata un máximo de 3 (prazo máximo de duración do contrato, incluídas as prorrogas, 4 anos), polo que o valor estimado do contrato será de 209.304,96 €.

Así como dáse conta da proposta do Sr. presidente do nomeamento dun membro do Consello Reitor para a mesa de contratación, conforme o acordo do Consello Reitor en sesión con data 06/05/2021.

Polo Sr. presidente indica que os devanditos pregos, son os mellores que esta Fundación de Deportes dentro das súas posibilidades económicas pode ter. Eliminando do prego de prescricións técnicas as tarefas que ven realizando en colaboración coa Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

A Sra. Granja pregunta se está contemplado nos pregos a posibilidade de modificación de contrato, así como se é posible asistir á mesa de contratación de observadora.

Pola Sra. secretaria/delegada contéstalle no relativo á posibilidade de modificación de contrato, está contemplado que se poderá ter unha modificación cun límite do 20% do prezo de licitación, motivado na necesidade de aumento/disminución na prestación do servizo, pola peculiaridades do obxecto do servizo, de acordo ao artigo 14 PPT.

Unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar os pregos de Cláusulas administrativas particulares (PCAP) que, como Lei fundamental do contrato, rexirá o procemento aberto, con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, mediante licitación electrónica, para adxudicar a prestación do contrato de servizos, denominado “EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN

PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, acompañado dos seus correspondente anexos e o prego de Prescricións Técnicas adxudicado á empresa CALDERÓN Y ASOCIADOS INGENIERIA, S.L.P.

2.- Designar como vogal da Mesa de Contratación para a devandita Licitación a D. Álvaro Carou García, conforme ao acordo do Consello Reitor con data 06/05/2021, quedando a composición da Mesa de Contratación da seguinte maneira:

Presidente/a.- D. Argimiro Serén Mera, presidente da Fundación de Deportes

Suplente: Alba Briones Gamarra, vogal do Consello Reitor da Fundación de Deportes

Vogais:

Vogal 1: Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación de Deportes

Vogal 2: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro, interventora/delegada da Fundación de Deportes

Vogal 3: D. Javier Vicente Maneiro, encargo do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes.

Suplente: D. Juan José Ventoso Fuentes, operario de Servizos de Mantemento da Fundación de Deportes.

Vogal 4: D. Álvaro Carou García, vicepresidente do Consello Reitor da Fundación de Deportes.

Secretario/a da Mesa de Contratación: Dna. M^a Rosa Losada Suárez, secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Suplente: D. Miguel Ángel Domínguez Campelo, técnico de Xestión do Departamento de Contratación do Concello de Vilagarcía de Arousa.

3.- Autorizar como asesor técnico externo da Mesa de Contratación, a D. Julio Cesar Calderón Carrero da empresa CALDERÓN Y ASOCIADOS INGENIERIA, S.L.P.(empresa especializada neste sector, adxudicataria para realizar o Informe-análise das ofertas que presenten as empresas na citada licitación),.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS DURANTE O ANO 2021.

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2021 e, indica que no expediente están todas as actividades que se realizaron ao longo do ano 2021, desglosadas nos seguintes apartados:

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade, curso 2021/22

1.2.- Escola Multideportiva, curso 2021/22

1.3.- Escola Deportiva de Base, curso 2021/22

1.4.- Escolas Municipais de Navegación, ano 2021

2º.- REACTIVACIÓN DAS ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

3º.- EVENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN VILAGARCÍA

3.1.-Torneos de Verán:

3.3.1.- XIX Torneo de Tenis de Verán

3.3.2.- IV Torneo de Badminton Dobres

3.3.3.- XXVI Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas.

3.3.4.- XVII Carreira Nocturna Concello Vilagarcía

4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

4.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes:

4.1.1.- 26 Xogos Autonómicos de Deportes Minoritarios de Special Olympics

4.1.2.- VIII Marcha Ciclista Unificada Special Olympics

4.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

O Sr. presidente sinala que neste exercicio aínda foi un ano con moitas restriccións polo COVID-19, poidéndose retomar a realización dalgunhas actividades deportivas.

Finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2021 e remiti-la ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERRO DO LÍMITE DE PAGOS EN EFECTIVO NAS BASES DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS PARA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS E FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2022, APROBADAS POLO CONSELLO REITOR EN SESIÓN CON DATA 03/05/2022..

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do informe-proposta da Sra. interventora/delegada relativa á aprobación da corrección de erro do límite de pagos en efectivo nas bases das convocatorias de subvencións para organización de actividades deportivas extraordinarias e fomento do deporte federado, exercicio 2022, aprobadas polo consello reitor en sesión con data 03/05/2022, de conformidade ao 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164 do Consello, do 12 de xullo de 2016. Polo que se debe correxir o apartado 6.4, punto d das Bases da convocatoria de subvención para a organización de actividades

deportivas extraordinarias e o apartado 9.2, punto das bases de Fomento do Deporte Federado.

O Consello Reitor por unanimidade, acorda a corrección dos apartados das bases das convocatorias de subvencións que a continuación se indican:

1.- Nas BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, EXERCICIO 2022, REALIZADAS DURANTE O ANO 2021, o apartado 6.4 punto d) que queda literalmente da seguinte maneira:

Apartado 6.4., punto d):

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021, de 9 de xullo de 2021, que modifica o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente, pasando o límite de 2.500,00 € a 1.000,00 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo,

2.- Nas BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2022, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2020/21 OU, ANO 2021, o apartado 9.2 punto d) que queda literalmente da seguinte maneira:

Apartado 9.2, punto d):

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021, de 9 de xullo de 2021, que modifica o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente, pasando o límite de 2.500,00 € a 1.000,00 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo,

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE NAVEGACIÓN, DE PIRAGÜISMO, REMO, SALVAMENTO E, VELA, ANO 2022.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse do Proxecto das Escolas Deportivas Municipais de Navegación, de piragüismo, Remo, Salvamento e Vela, ano 2022, elaborado polo Sr. director Deportivo, así como das súas follas de Solicitudes de Inscripción, dirixido a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (2013-2006) e para un total de 170 prazas (30 prazas para piragüismo, remo e salvamento e 80 prazas para a escola de vela). Así como preséntase o

Orzamento de gastos total para o desenvolvemento do proxecto, por importe total de 12.080,00 €, desglosados da seguinte maneira:

CONCEPTOS	IMPORTE	PARTIDA
-SEGUROS DEPORTIVOS	2.280,00 .-	341-224
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE PIRAGÜISMO	2.200,00 .-	341-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE REMO	2.200,00 .-	341-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE SALVAMENTO	2.200,00 .-	341-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAÚTICA DE VELA	3.200,00 .-	341-227,9901
Total	12.080,00 €	

Polo Sr. director Deportivo leva a cabo unha breve explicación do devandito Proxecto.

O Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto das Escolas Deportivas Municipais de Navegación, de piragüismo, Remo, Salvamento e Vela, ano 2022, dirixido a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (2013-2006) e para un total de 170 prazas (30 prazas para piragüismo, remo e salvamento e 80 prazas para a escola de vela).

2.- Aprobar o orzamento total de gastos para o desenvolvemento do proxecto, por importe total de 12.080,00 €, co desglose anteriormente sinalado.

3.- Aprobar as follas de solicitudes de inscrición das devanditas Escolas, nas que se aplique o prezo público establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor, para as Escolas Deportivas, por importe de 12,00 €.. Establecendo un período de inscrición dos alumnos, do 11 ao 28 de xuño de 2022 e presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos Escolas Deportivas de Navegación 30005.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO VERÁN DEPORTIVO VILAGARCÍA, ANO 2022.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Proxecto VERÁN DEPORTIVO VILAGARCÍA, ANO 2022 que a continuación se relaciona, elaborado polo Sr.director Deportivo, así como todas as súas follas de solicitudes de inscrición:

- 1.- PROGRAMA ACTIVO MAIORmente VERÁN.
- 2.- ACTIVIDADES DE MOVEMENTO INTELIXENTE EN FAMILIA.
- 3.- ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN.
- 4.- TORNEOS DE VERÁN:
 - 4.1.- XX Torneo de Tenis de Verán

4.2.- V Torneo de Badminton de Verán

Así como preséntase o Orzamento de gastos total para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 4.100,00 € co seguinte desglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
SEGURO ACCIDENTES ACTIVIDADES	2.000,00 .-	341-224
MATERIAL DEPORTIVO	1.000,00 .-	341-2219901
PUBLICIDADE E PROPAGANDA	500,00 .-	341-22602
TROFEOS TORNEOS DEPORTIVOS DE VERÁN	300,00 .-	341-226,9901
GASTOS IMPREVISTOS	<u>300,00 .-</u>	341-226,09
TOTAL	4.100,00 €	

Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada.

Polo Sr. director Deportivo leva a cabo unha breve explicación do devandito Proxecto, no que sinala os cambios de metodoloxía e tempo das actividades deportivas.

O Sr. presidente sinala que con este proxecto dáse unha volta á actividades que se viñan realizando.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto de VERÁN DEPORTIVO VILAGARCÍA, ANO 2022, así como todas as súas follas de solicitudes de inscrición e, que se aplique os prezos públicos que establece o Acordo Regulador nº III.5 en vigor, por importe de 12,00 €/1 mes ou 18,00 €/ 2 meses, para a actividade da Escola Multideportiva de Verán e o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión con data 27/12/2022, por importe de 18,00 €, para o programa Activo MAIORmente.

2.- Aprobar o orzamento total de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 4.100,00 €, co desglose anteriormente sinalado.

3.- Facultar ao Sr. presidente para a variación das datas de inscrición e celebración das actividades antes sinaladas, no caso de que concorran circunstancias sobrevidas e/ou imprevistas.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte e dous minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.